| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 21/32               |



Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe 12 de xaneiro de 2024, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que se incorpora ao expediente informe técnico no que se verifica que os medios persoais adscritos á execución do contrato son suficientes para a execución do contrato e se corresponden coa proposta presentada polo licitador que foi obxecto de avaliación.

Non se incorpora ao expediente bastanteo de poder, posto que a mesa de contratación considera suficiente a sinatura do reitor, atendendo ao recollido nos estatutos da USC.

No tocante á solvencia económica, incorpórase ao expediente certificado descargado da páxina web no que se recolle que as contas anuais foron aprobadas.

Visto que a documentación presentada se atopa acorde co esixido, a mesa de contratación acorda que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de servizo consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais dos Concellos da Provincia de Lugo, a favor da Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 74.454,54 euros, aos que haberá que engadir 15.635,45 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 90.089,99 euros, cun prazo de mantemento do nodo ideal de 365 días naturais e un prazo de garantía de 12 meses.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar o contrato de servizo consistente na actualización, análise, mantemento e mellora da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais dos Concellos da Provincia de Lugo, a favor da Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 74.454,54 euros, aos que haberá que engadir 15.635,45 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 90.089,99 euros, cun prazo de mantemento do nodo ideal de 365 días naturais e un prazo de garantía de 12 meses.

2º.- O prazo de duración do contrato é de seis meses.

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                    |  | Página       | 22/32               |                                                                                       |



3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou [www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO EVENTO DEPORTIVO CICLISMO “O GRAN CAMIÑO” 2024.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Patrocinio do evento deportivo ciclismo “O Gran Camiño”, 2024, consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WRXZCJ55070N3AQONDYJ7LY.
2. Informe complementario á memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7WRXZCH77DYXJ25VH4K5SBIA.
3. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7WRXZCJUGJBB7UT45F5I65Y.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7WQK3YIH5KV7HISZVBPYHH7Y.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7W6AD7PIHNRCMY6YHDMHYWAY.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7W6AD5CAHCRG4CCZYVAIPBKU.

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 23/32               |



## 7. Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do Patrocinio do evento deportivo ciclismo “O Gran Camiño”, anualidade 2024.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á empresa Eze Mosquera Events S.L. a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado ([www.contrataciondelestado.es](http://www.contrataciondelestado.es)), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

**4º.-** Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 96.425,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 20.249,25 €, o que fai un total de 116.674,25 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 24/32               |





**6.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN, SE PROCEDE, DE ERRO MATERIAL NO PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PRECISOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Na Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2023, acordouse aprobar o procedemento de adxudicación e o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo.

Segundo consta no informe, con CSV IV7W6ALC3H4YTO5TAENRBZIF74, emitido pola unidade xestora, existe un erro material no prego de prescricións técnicas que é necesario corrixir:

“Primeiro.- Con data 9 de xaneiro de 2024 publicouse na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio de licitación para a contratación dos servizos precisos para a materialización do Plan de Medios da Deputación Provincial de Lugo (2024/2027),(Nº Expdte. 2023/CON\_02/000066).

Segundo.- Detéctase un erro material no prego de prescricións técnicas publicado que afecta ao lote 2 deste contrato: “Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico”, que non implica ningunha modificación orzamentaria do mesmo.

Polo exposto, e tendo en conta o estipulado no artigo 109 la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo o cal “(...) Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”, proponse que pola Xunta de Goberno desta entidade se adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a corrección de erros do prego de prescricións técnicas da contratación dos servizos precisos para a materialización do Plan de Medios da Deputación Provincial de Lugo (2024/2027),(Nº Expdte. 2023/CON\_02/000066), segundo segue:

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 25/32               |



Na cláusula “Cuarta. Condicións de prestación do servicio”.

“Lote 2. Publicación da publicidade da Deputación de Lugo en prensa escrita de ámbito autonómico.”

“Acreditar unha difusión (indicador OJD) e número de lectores diario (indicador EGM) na provincia e na Comunidade Autonoma de xeito axeitado.”

Onde dí:

“...Deste xeito, deberá acreditar, a través do informe da Oficina de Xustificación da Difusión (OJD) da anualidade anterior unha difusión promedio diaria superior a 50.000 exemplares, así como ter unha cota de mercado en Galicia superior ao 50% e un número de lectores diarios estimados na provincia de Lugo de máis de 30.000 persoas (alcanzando polo menos a un 15% dos habitantes da provincia) e un número de lectores diarios estimados na comunidade galega superior a 300.000 persoas (alcanzando a máis dun 10% dos galegos). Esta circunstancia acreditarase achegando os correspondentes informes do EGM e do OJD referidos á anualidade 2023 ou a última publicación vixente...”

Debe dicir:

“...Deste xeito, deberá acreditar, a través do informe da Oficina de Xustificación da Difusión (OJD) da anualidade anterior unha difusión promedio diaria superior a 40.000 exemplares, así como ter unha cota de mercado en Galicia superior ao 40% e un número de lectores diarios estimados na provincia de Lugo de máis de 30.000 persoas (alcanzando polo menos a un 10% dos habitantes da provincia) e un número de lectores diarios estimados na comunidade galega superior a 300.000 persoas (alcanzando polo menos un 10% dos galegos). Esta circunstancia acreditarase achegando os correspondentes informes do EGM e do OJD referidos á anualidade 2023 ou a última publicación vixente...”

Segundo.-Ampliar o prazo máximo para a presentación das ofertas.”

Enténdese este erro como material, incardinable no artigo 109.2 da Lei 39/2015. Considérase necesaria a corrección do erro detectado por ser un erro patente, non sometido a opcións, non cualificador de aspectos xurídicos, nin ser cuestionable por tratarse de cuestións opinables ou que esixen unha valoración xurídica. Se trata dun erro que, unha vez corrixido, non cambia o contido do acto administrativo no que se produciu o erro.

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 26/32               |





A rectificación non afecta aos pregos de cláusulas administrativas, nin aos informes nin ao contido material da proposta. Trátase unicamente dun erro material no PPT.

Polo que á vista do exposto propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

**1º.-** Proceder á subsanación do erro material detectado na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas (PPT) da contratación dos servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo, aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2023 de tal forma que quede redactado tal e como segue:

Onde di:

“...Deste xeito, deberá acreditar, a través do informe da Oficina de Xustificación da Difusión (OJD) da anualidade anterior unha difusión promedio diaria superior a 50.000 exemplares, así como ter unha cota de mercado en Galicia superior ao 50% e un número de lectores diarios estimados na provincia de Lugo de máis de 30.000 persoas (alcanzando polo menos a un 15% dos habitantes da provincia) e un número de lectores diarios estimados na comunidade galega superior a 300.000 persoas (alcanzando a máis dun 10% dos galegos). Esta circunstancia acreditarase achegando os correspondentes informes do EGM e do OJD referidos á anualidade 2023 ou a última publicación vixente”.

Debe dicir:

“...Deste xeito, deberá acreditar, a través do informe da Oficina de Xustificación da Difusión (OJD) da anualidade anterior unha difusión promedio diaria superior a 40.000 exemplares, así como ter unha cota de mercado en Galicia superior ao 40% e un número de lectores diarios estimados na provincia de Lugo de máis de 30.000 persoas (alcanzando polo menos a un 10% dos habitantes da provincia) e un número de lectores diarios estimados na comunidade galega superior a 300.000 persoas (alcanzando polo menos un 10% dos galegos). Esta circunstancia acreditarase achegando os correspondentes informes do EGM e do OJD referidos á anualidade 2023 ou a última publicación vixente”.

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 27/32               |



2º.- Dar publicidade á devandita rectificación cun novo anuncio na Plataforma de Contratos do Sector Público, coas demais publicacións procedentes, e ampliar o prazo para a presentación de proposicións, coa correlativa modificación das datas de apertura pública das ofertas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DO CONCELLO DE CERVANTES A ACHEGA DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, do seguinte teor:

“Logo de ver que O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o día 27/12/2022, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos de 2023.

Así mesmo, O Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2023, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2023, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica por importe de catro mil seiscientos dez euros (4.610,00€) para o programa de Cultura do Concello de Cervantes, denominado “Edición e impresión de libro divulgativo”.

Logo de ver que o Concello de Cervantes, con data 11 de xaneiro de 2024 presenta a súa renuncia á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2023, para o programa de Cultura denominado “Edición e impresión de libro divulgativo”, facendo constar:

“Que, motivado na insuficiencia de documentación que, cunha calidade mínima, permitise a edición da publicación de xeito óptimo e satisfactorio para o cumprimento dos obxectivos marcados, non foi posible executar a actuación proxectada dentro do prazo establecido, polo que non existe gasto xustificable que imputar á achega concedida”

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 28/32               |





Logo de ver a normativa aplicable á solicitude de renuncia presentada polo Concello de Cervantes:

O artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, titulado “terminación” dispón:

1. Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

O artigo 94 da citada lei, titulado “Desistencia e renuncia polos interesados” sinala:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará a aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen á súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

O artigo 89 do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2023 establece en canto á renuncia, o seguinte:

“Os Concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno”.

Logo de ver o informe do Servizo de Cultura favorable á renuncia presentada polo Concello de Cervantes, por considerar que reúne os requisitos legais para a aceptación da mesma.

Con base no exposto, a Deputada que subscribe propón que, pola Xunta de Goberno, en virtude da Base número 18 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, se adopte o seguinte acordo:

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |  |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|--|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |  |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |  |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |  |              |                     |  |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   |  | Página       | 29/32               |  |

Aceptar de plano a renuncia do Concello de Cervantes á achega do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, por importe de 4.610,00 €, para o programa de Cultura denominado “Edición e impresión de libro divulgativo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA NOMEAR AS PERSOAS SELECCIONADAS PARA OCUPAR AS PRAZAS DE TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL INCLUÍDAS NA OEP 2022 (LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO-DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA).**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“As bases xerais que regulan xunto coas bases específicas, os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IC) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso, acceso libre publicáronse no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso, dúas prazas de Técnico/a Administración Xeral, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización de emprego temporal á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), fixéronse públicas no BOP núm. 241, do 21.10.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo á proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento nomeando como funcionarias de carreira a:

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 30/32               |





Dona Ana María Pérez Ramos, para ocupar a praza número 20, denominada Técnico/a Administración Xeral, escala administración xeral, subescala técnica, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Administración Xeral Entrada número 1156, vinculado á citada praza.

Dona María del Carmen Dorado Duro, para ocupar a praza número 15, denominada Técnico/a Administración Xeral, escala administración xeral, subescala técnica, grupo A – subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo denominado Técnico/a Administración Xeral Entrada número 1304, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### 9.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO DSP 660/2023.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 2 de novembro de 2023 do Xulgado do Social nº4 de Lugo en relación co procedemento despido/ceses en xeral 660/2023 seguido a instancia de D. Julio Méndez López fronte á Deputación en materia de despedimento, na que se cita a esta entidade para comparecer ao acto do xuízo fixado para o vindeiro 22 de febreiro de 2024 ás 11.20 h.

Visto o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado a través dos letrados da Asesoría Xurídica provincial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

|                     |                                                                                                                                                                                       |  |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            |  | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |  |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |  |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                    |  | Página       | 31/32               |                                                                                       |

**10.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 8/2024/A.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Ordinario 8/2024/A seguido a instancia da Xunta de Galicia fronte á Deputación “contra resolución de esa Administración de fecha 31 de outubro de 2023 sobre acordo de creación tribunal recursos contractuais da Deputación de Lugo...”, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**

|                     |                                                                                                                                                                                       |              |                     |                                                                                       |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|                     | IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ                                                                                                                                                            | Fecha y Hora | 23/01/2024 12:26:26 |  |
| Normativa           | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO                                                                                                                                                         |              |                     |                                                                                       |
| Firmado por         | JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)                                                                                                                                     |              |                     |                                                                                       |
| Url de verificación | <a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7W7UIJDQMLTHH46JXCELZDEQ</a>   | Página       | 32/32               |                                                                                       |